



Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou Patoloxías Afíns (FEDERACIÓN ASPACE GALICIA), para o financiamento do programa de promoción da autonomía persoal de persoas con parálise cerebral mediante a formación e do mantemento da entidade.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou Patoloxías Afíns (FEDERACIÓN ASPACE GALICIA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase FEDERACIÓN ASPACE GALICIA dende o 1 de xaneiro de 2016 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a prestación de servizos de apoio, asesoramento e accións de intermediación e sensibilización dirixidas á atención das persoas con parálise cerebral e ás súas familias desde unha perspectiva global, integral e normalizadora así como o mantemento da federación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con parálise cerebral, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración con FEDERACIÓN ASPACE GALICIA para contribuír ao financiamento das actuacións relacionadas coa atención a persoas con parálise cerebral e as súas familias e co mantemento da entidade.





Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, FEDERACIÓN ASPACE GALICIA aparece expresamente reflexada no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2016 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 22 de marzo de 2016.

